

REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO DE PROTURGA

CAPITULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1.

A Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia, Proturga, constituída ao amparo da lexislación vixente rexeráse polos Estatutos da asociación aprobados con data 20 de xuño do 2011, polo presente Regulamento de Réxime Interno e por todas aquelas normas que estableza a regulamentación que lle sexa de aplicación segundo as leis.

Artigo 2.

O presente Regulamento desenvolve os contidos expresados nos Estatutos da asociación e en ningún caso poderá ir contra a filosofía e articulado dos citados Estatutos.

Artigo 3.

O enderezo social establécese segundo se marque nos Estatutos da asociación, actualmente en Avda. As Sinas, nº28, localidade Vilanova de Arousa, C.P. 36620. Pontevedra.

A efectos de notificación establécese: Avda. Las Carolinas,33-4ºC. CP. 36600-Villagarcía de Arosa (Pontevedra). A Xunta Directiva, no seu caso, poderá adoptar as mudanzas que estime oportunas no cambio do enderezo da asociación, dando a correspondente notificación ás autoridades competentes e aos socios da entidade.

Artigo 4.

Establécese como anagrama da asociación e como logotipo da mesma



Artigo 5.

Toda actividade que se realice na Asociación será rexistrada no Arquivo xeral, comprendido en: Libro de Actas de Reunións da Xunta Directiva, Asembleas e Asistencia ás mesmas, Rexistro de Asociados e rexistro contable.

Artigo 6.

Todas as actividades, sen excepción, serán sen fins de lucro. É dicir, que serán estritamente para bens sociais, solidarios e de ben público, sen que intereses persoais ou dun determinado grupo que poidan ofender ao cidadán competente.

Artigo 7.

En calquera evento (feiras, cursos, visitas guiadas, foros, etc.) nos que se recadase capital en nome da asociación, como unha organización non governamental sen fins de lucro, será destinado o recadado ao fondo común (tesouraría) para o cumprimento do Obxecto Estatutario.

Artigo 8.

O presente regulamento poderá ser modificado só tres (3) veces ao ano. Para aprobar o proxecto de reforma farase tanto en asemblea xeral tanto ordinaria como extraordinaria e procederase segundo ó artigo 19º dos estatutos.

Artigo 9.

Liñas de colaboración de Proturga en eventos externos:

- Presentacións ou relatorios sobre as accións de Proturga. - Bolsa de Emprego. - Entrega de folletos, cartóns de visita, merchandising, etc. - Realizar contactos para futuros convenios con entidades públicas ou privadas. - Promoción dos eventos externos a través das redes sociais e medios de comunicación. - Calquera outra que a Xunta Directiva considere interesante para a asociación.

CAPITULO II. DO INGRESO DE SOCIOS/AS

Artigo 10.

Poderán ingresar na asociación todas aquelas persoas que o soliciten expresamente e reúnan os requisitos definidos nos Estatutos e o presente regulamento, incluíndo, ademais, as seguintes titulacións oficiais recoñecidas no territorio nacional:

* Ciclo medio:

- Cociña e gastronomía.
- Servizos en restauración.

*Ciclo superior:

- Animación turística.
- Axencias de viaxes e xestión de eventos.
- Dirección de cociña.
- Dirección de servizos de restauración.
- Guía, información e asistencia turísticas.
- Xestión de aloxamentos turísticos.
- Vitivinicultura.

* Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG):

- Título Universitario de Xestión Hostaleira.
- Certificado de Elaboración e Xestión en Cociña.

* Máster en Viticultura e Enoloxía.

*Certificados de profesionalidade da Xunta de Galicia:

Nivel 1:

- Operacións básicas de catering.
- Operacións básicas de restaurante e bar.
- Operacións básicas de pastelería.
- Operacións básicas de cociña.
- Operacións para o xogo en establecementos de bingo.
- Operacións básicas de pisos e aloxamentos.

Nivel 2:

- Garda de refuxos e albergues de montaña.
- Aloxamento rural.
- Atención a pasaxeiros en transporte ferroviario.
- Camareiro/a de restaurante-bar.
- Cociñeiro.
- Servizos de restaurante.
- Repostaría.
- Servizos de bar e cafetería.
- Cociña.
- Actividades para o xogo en mesas de casinos.

Nivel 3:

- Xestión de procesos de servizo en restauración.
- Dirección en restauración.
- Dirección e produción en pastelería.
- Sumillería.
- Dirección e produción en cociña.
- Promoción turística local e información ao visitante.
- Venda de produtos e servizos turísticos.
- Creación e xestión de viaxes combinados e eventos.
- Recepción en aloxamentos.
- Xestión de pisos e limpeza en aloxamentos.

Artigo 11.

Se a persoa interesada en ingresar na Asociación non ten nengunha titulación oficial das nomeadas nos Estatutos e no ROI poderá facerse socio de Proturga sempre que acredite unha experiencia laboral no sector turístico de catro anos como mínimo a través do certificado de vida laboral.

Artigo 12.

As empresas interesadas en ser socias deberán estar dadas de alta no REAT e levar /demostrar un mínimo 4 anos como empresa do sector turístico e outra opción é que o xerente / socio fundador da empresa acredite formación en calquera das ramas do turismo citadas anteriormente.

As empresas interesadas en formar parte da asociación deben cumprir os máximos requisitos posibles establecidos dentro da “Guía de Sensibilización” elaborada no ano 2019 por PROTURGA. Con anterioridade a admisión na Asociación a directiva pode realizar enquisas, visitas as empresas para ver o seu funcionamento ou calquera outra medida necesaria para ver que cumpren os máximos requisitos establecidos por Proturga.

Durante o ano 2020 crearase un distintivo diferenciador para as empresas socias de Proturga, para poñer en valor a marca da Asociación entre os distintos profesionais de turismo.

Os centros educativos interesados en ser socios deberán asinar un acordo de colaboración coa asociación.

Artigo 13.

A solicitude de ingreso deberá ser tratada pola Xunta Directiva que deberá verificar a solicitude dando necesariamente un informe positivo ou negativo. En caso de dar un informe negativo deberá de especificar as causas e dar un prazo de dez días ao solicitante para reparar as causas do rexeitamento do seu ingreso.

Artigo 14.

Unha vez admitido o novo socio/a, o Secretario procederá a dalo/a de alta no libro de rexistro de socios da asociación e a incluílo/a na base de datos da asociación. E ademais facilitaráselle acceso ó grupo privado de socios/as no facebook.

As empresas e centros educativos teñen dereito a un perfil persoal de facebook, se quixeran máis dun perfil deberán aboar 10€/ por cada perfil a maiores que queiran incluír.

Artigo 15.

A Xunta Directiva presentará anualmente un informe á Asemblea Xeral sobre as altas e baixas de socios/as producidas durante ese período.

CAPÍTULO III. DOS DEREITOS E DEBERES DOS SOCIOS/AS

Artigo 16.

Os socios/as terán os seguintes dereitos na asociación:

- Participar nas actividades e actos sociais da asociación. - Asistir con voz e voto ás Asembleas xerais. - Elixir e ser elixido. - Posuír un exemplar dos estatutos e do presente regulamento desde o seu ingreso na asociación, que terán a súa disposición na páxina web da asociación www.proturga.org. - Ter o coñecemento oportuno dos acordos adoptados polos órganos da asociación. - Solicitar, mediante petición razoada, o acceso á documentación interna da asociación.

Artigo 17.

Os socios/as terán as seguintes obrigacións:

- Cumprir os preceptos que marcan os estatutos e o presente regulamento, así como os acordos adoptados polos órganos da asociación. - Abonar as cotas que se determinen en tempo e forma. - Cooperar no desenvolvemento do traballo da asociación e na boa execución das actividades que se determinen. - Desempeñar as funcións que lles sexan encomendadas pola Xunta Directiva para a boa marcha da asociación.

Artigo 18.

Ante calquera evento que a asociación decidise levar a cabo, formarase unha Comisión (temporal) de Organización e Coordinación para tal fin. Deberán ser aprobadas pola Xunta Directiva. Estas Comisións disolveranse unha vez que se cumpra o fin ou os fins polos que se crearon.

Artigo 19.

Pasos a seguir para facerse socio/a de PROTURGA:

***OPCIÓN 1- Socio Particular**

1. Comprobar se se reúnen os requisitos para ser admitido pola asociación.
2. Enviar a PROTURGA (proturga@gmail.com) o Documento de Identidade, a titulación ou documentación que acredite que é profesional do sector turístico e a FICHA DE ALTA cuberta cos datos persoais. No caso de solicitar cota reducida, documentación que xustifique que se é estudante ou desempregado (cun ano de antigüedad no INEM).
3. Esperar pola resposta confirmando que se reúnen os requisitos.
4. Ingresar a cota para poder ser dado de alta como socio/a e remitir xustificante a proturga@gmail.com

*Os estudantes terán que achegar unha copia da matrícula do curso actual e os desempregados/as unha copia do xustificante de demanda de emprego no INEM.

O número de conta de PROTURGA é o ES11 2100-2188-86-0200310687 (LA CAIXA) Asunto ou remitente: cota NOME e APELIDO

Importe cota socio particular para o ano 2021:

- 30 euros socio/a particular
- 15 euros socio/a estudante ou desempregado/ en ERTE ,cun ano de antigüedad no INEM.

***OPCIÓN 2- Socio Empresa ou Centro Educativo**

1. Comprobar se se reúnen os requisitos para ser admitido pola asociación.
2. Enviar a PROTURGA (proturga@gmail.com) ó NIF da entidade, a FICHA DE ALTA cos datos da persoa responsable de contacto coa Asociación, adxuntar logotipo (para incluír na web), modelo 035/037 ou licenzia de apertura e xustificante de estar inscrito no REAT. Tamén documentación de si tivera algún certificado de calidade.
Os centros Educativos asinar un acordo de colaboración coa Asociación.
3. Esperar pola resposta confirmando que se reúnen os requisitos citados no artigo 12.
4. Ingresar a cota para poder ser dado de alta como socio/a e remitir xustificante a proturga@gmail.com

Importe cota socio Empresa ou centro educativo para o ano 2021: **40€uros**

5. Añadir o grupo de facebook ó membro intermediario da entidade.

Artigo 20.

Pago das cuotas:

*A cota anual para todos os socios/as deberá ser aboada antes do 28 de febreiro de cada ano, salvo casos puntuais nos que a directiva modifique a data de pago.

Os novos ingresos de asociados que se fagan entre outubro e decembro terán a cota aboada para todo o ano seguinte. A xunta directiva fará público os avisos de pagamento no grupo privado de socios/as de facebook e ademais enviará recordatorio de pago a cada un dos seus asociados vía mail. Pasado este prazo a Xunta directiva reservase o dereito de dar de baixa o/a asociado/a conservando o nº de posto de socio por se volvese a incorporarse nun futuro.

CAPÍTULO IV. DA PERDA DA CALIDADE DE SOCIO/A

Artigo 21.

Os/as socios/as poderán solicitar en calquera momento a súa baixa voluntaria na asociación. Esta petición deberá realizarse por escrito e cunha antelación de polo menos un mes á data efectiva de baixa e deberá tratarse en reunión da Xunta Directiva que acordará a baixa sen máis trámites, tal é como ben explicado no artigo 9º dos estatutos. O socio /a non poderá recuperar o diñeiro.

Artigo 22.

En calquera caso, os expedientes de expulsión deberán ser tratados por un Comité de Conflitos creado ao efecto que estará composto por dous membros da Xunta Directiva, o Presidente/a da asociación e dous socios/as elixidos/as por sorteo, actuando un/unha deles/as como instrutor/a, e garantindo a audiencia ao interesado.

A Asemblea Xeral será a encargada de ratificar ou denegar o informe realizado pola Comisión, sendo necesario en todo caso o apoio de 2/3 dos socios presentes para que se aprobe a moción de expulsión. O Comité de Conflitos decidirá se o socio/a deberá de achegar unha compensación económica á asociación. O Comité de Conflitos autodisolverase unha vez emitido o seu informe.

CAPÍTULO V. DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 23.

A Xunta Directiva poderá separar das súas funcións a un dos seus membros se este falta a tres reunións da mesma sen xustificar. En todo caso será a Asemblea Xeral quen decida a separación ou non do membro da Xunta e deberá cubrir esta vacante no máis breve espazo posible e a proposta da Xunta Directiva.

Artigo 24.

A Xunta Directiva poderá incorporar, polas necesidades da asociación, a novos vogais para realizar as tarefas da mesma, funcionando estes de forma interina até que non sexan ratificados pola Asemblea Xeral.

CAPÍTULO VI. DA ASAMBLEA XERAL

Artigo 25.

O dereito a voto na Asemblea está condicionado a ter abonadas as cotas correspondentes.

Artigo 26.

A Xunta Directiva elixirá entre os seus membros a un moderador/a que será o responsable da orde da mesma. O/a moderador/a terá as seguintes funcións: - Dar o peche de palabra solicitada sobre un tema. - Someter a votación os puntos da orde do día. - Pospor a reunión, dividila en comisións ou dar recesos. - Interpretar os estatutos e o presente regulamento e liquidar todas aquelas dúbidas regulamentarias. Se a discusión é sobre unha decisión do moderador, a Asemblea Xeral decidirá por maioría simple a decisión final.

Artigo 27.

A convocatoria para Asembleas Xerais, sexan Ordinarias ou Extraordinarias irán acompañadas da orde do día que será ratificada por tódolos membros da Xunta Directiva e posteriormente poderá asinar e ser enviada por calquera membro desta. Farase público no grupo de socios/as de facebook e posteriormente enviarase vía mail a cada un dos/das asociados/as para levar unha boa política sostible. En referencia coa antelación de comunicación destas actuarase conforme ó artigo 14º dos estatutos.

Os temas a tratar na orde do día, serán debatidos e/ou aprobados sen importar o número de presentes en segunda convocatoria. (artigo 15º dos estatutos)

Se os temas ou proxectos a tratar non son aprobados por unanimidade, recorrerase ao voto mediante man alzada.

Todos os asociados/as poderán propor unha axenda de tópicos a tratar, que será tida en conta para a reunión presente ou posteriores segundo decida a Xunta Directiva.

Artigo 28.

As emendas presentadas por parte dos socios/as ás resolucións non deben supor en ningún caso unha negativa directa á resolución presentada. A emenda será incorporada ao texto se o suxerente a acepta.

Artigo 29.

Só o suxerente dunha resolución ten dereito a réplica ao final do debate.

Artigo 30.

O tempo máximo de exposición durante a Asemblea será de cinco minutos, agás a presentación de informes por parte da Xunta Directiva e aqueles temas de interese, a criterio do moderador/a.

Artigo 31.

Durante a celebración da Asemblea poderá existir cuestións de orde que poderán ser solicitados por aqueles asistentes con dereito a voto e que terá prioridade fronte ao que se estea tratando, excepto durante unha votación, a non ser que dita cuestión de orde se refira á votación en curso. As cuestións de orde referiranse aos seguintes temas: - Ao funcionamento da Asemblea ou ao debate e non ao tema que se debate. - Revisión dunha decisión do moderador/a. - Moción de censura contra o moderador/a, a cal debe de estar secundada.

Artigo 32.

As cuestións de información son aquelas que se utilizan para aclarar, solicitar información puntual ou explicar un punto e escoitaranse a criterio do moderador/a.

Artigo 33.

Todos os acordos da Asemblea Xeral tómanse por maioría simple de votos dos asistentes cando se trate de asemblea Ordinaria e por maioría de 2/3 cando se trate de Asemblea Extraordinaria (artigo 18º dos estatutos)

Artigo 34.

O criterio de selección e distribución das tarefas e actividades a realizar dentro e fóra da Asociación, serán debatidas e avaliadas en Asemblea Xeral, para rexistralas logo no Libro de Actas da Xunta Directiva.

CAPITULO VII. DO PROCESO ELECTORAL**Artigo 35.**

En caso de realizarse eleccións a cargos poderán concorrer ás mesmas calquera socio/a da asociación con dereito a voto e que teña aboadas as cotas establecidas nos prazos establecidos. Ademais deberá levar como asociado/da un mínimo de seis meses para poder coñecer e representar adecuadamente esta asociación.

Artigo 36.

Os candidatos/as a cargos poderán presentar programa electoral, garantíndose o tempo suficiente de exposición de cada un dos programas.

Artigo 37.

As votacións serán secretas e realizaranse nas papeletas que facilite a Mesa Electoral.

Artigo 38.

As candidaturas deberán presentarse en bloque ou individuais donde deberá figurar o nome, apelidos e sinatura dos Asociados.

Dacordo o artigo 19 dos estatutos poderase propoñer a formación da xunta Directiva in situ.

CAPÍTULO VIII. DA DISOLUCIÓN**Artigo 39.**

En caso de disolución da entidade a Comisión Liquidadora estará composta pola Xunta Directiva e tres socios/as elixidos/as en reunión da Asemblea Xeral.

Artigo 40.

O haber resultante, se existise, destinarase a unha asociación da nosa contorna con fins similares á nosa.

Artigo 41.

Os bens mobles e inmobles e arquivo xeral serán repartidos, en caso de disolución, entre os integrantes da asociación, segundo os criterios que se establezan na Comisión Liquidadora.

CAPÍTULO IX. DA REFORMA DOS ESTATUTOS E DO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO**Artigo 42.**

A modificación de estatutos ou do presente regulamento poderá realizarse a iniciativa da Xunta Directiva, 3 veces ao ano sen especificar data.

Artigo 43.

En caso de reforma de estatutos, as modificacións deberán ser enviadas de forma inmediata ao Rexistro de Asociacións para que se proceda á mudanza que sexa necesaria.

Artigo 44.

Unha vez reformados os estatutos ou o presente regulamento, no seu caso, a Xunta Directiva deberá facilitar aos socios/as os textos reformados, que se facilitará no grupo de socios de facebook e colgarase na web www.proturga.org.

Artigo 45.

Este Regulamento Interno esixe, para maior seguridade do seu cumprimento, que todo o que pase en Reunións Xerais debe ser rexistrado no Libro de Actas de Reunións Xerais. As sinaturas que se atopan nestas Actas aseguran a presenza e participación dos seus integrantes.

Artigo 46.

Cada persoa que cubra a ficha de alta de socios/as comprométese automaticamente ó coñecemento e cumprimento de cada unha das cláusulas que neste regulamento e nos estatutos se inclúen.

Artigo 47.

Fica aprobado de xeito íntegro o presente regulamento.

15 Abril de 2021